

Eoghan Neff

(violín irlandés e sámples de frases)

Eoghan Neff é un violinista e musicólogo irlandés premiado internacionalmente. Traballa unicamente co instrumento acústico, conxuntando elementos da improvisación libre, a ergonomía, e a vangarda. Grabou e realizou xiras aclamadas pola crítica con montaxes de prestixio como Riverdance, London Metropolitan Orchestra, NeffBros, Amalgamare, Assembly Point, e Anxo Lorenzo.

Tamén colaborou con compositores de cine como Guillaume Roussel e Atli Órvarsson para a banda sonora de películas dirixidas por Olivier Dahan e Kevin Macdonald, gañador de un Oscar. Eoghan está terminando a súa Tese Doctoral en Música na Universidade de Cardiff (Reino Unido). Graduado e postgraduado ambos con Matrícula de Honor en Música, obtivo numerosos premios de prestixio polo seu traballo académico.

Conta con diversas publicacións académicas e actualmente é un 'Associate Fellow' do instituto de investigación de posgrado en Irlanda, 'GradCAM'.

C O N F E R E N C I A

OS TERMOS DO PENSAR E TOCAR

A ciencia da música e a conciencia do músico folk contemporáneo. Segundo o mundo académico da música, os termos baixo os cales se pensa sobre a música folk encontráanse dentro dunha disciplina que se chama etnomusicoloxía. Un dos primeiros etnomusicólogos - curiosamente, hoxe en día un dos menos citados - Mieczyslaw Kolinski escribiu: "a musicoloxía tería que abarcar dúas liñas inter-relacionadas: o estudo da música "idiodultural" e da "allocultural". Estes termos refírense á música da cultura propia e a música de culturas extranxeiras respectivamente" (Kolinski, 1967:4). Na práctica, a etnomusicoloxía continúa centrándose nos estudos alloculturais, e a súa metodoloxía está definida polos requisitos específicos de dita perspectiva.

Ao estudar unha tradición musical, descúbrense a nivel consciente (normalmente dende a perspectiva allocultural) o inconsciente (normalmente dende a perspectiva idiodultural) os termos da tradición que estruturan o coñecemento fundamental da música que se está investigando.

A metodoloxía da disciplina da etnomusicoloxía está preparada para a aprendizaxe da música dunha cultura extranxeira dun xeito específico, onde expón os termos da tradición a un nivel consciente e permite construír teorías sobre a ampla cultura que rodea á mesma.

Deste xeito, o etnomusicólogo allocultural depende absolutamente dos termos da tradición como uns termos fixos e permanentes. Así, a metodoloxía da disciplina non permite romper nin cambiar os termos da tradición, algo que si lle pode interesar ao etnomusicólogo idiodultural.

Neste caso, non se trataría dunha "música extranxeira", senon simplemente de "música", onde os termos da tradición non constrúen o coñecemento musical, senon que constitúen aquilo que dan por sentado sobre a música.

Nesta conferencia examina ao músico folk contemporáneo dentro do sistema académico establecido e os pasos a través da música e da disciplina hacia a investigación (ou incluso a negación) dos termos da tradición.

T A L L E R

Historia e técnica do violín irlandés (Irish fiddle).

Este taller introduce o violín irlandés a violinistas e a outros instrumentistas a través do repertorio tradicional, dando énfasis ao proceso da interpretación e ás técnicas de ornamentación.

Conferencia - Concerto -Taller

Dirixidas ao alumnado de calquera especialidade

27 de Xaneiro de 2012

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

PREZOS DO CURSO

Alumnado activo: 15 € (Taller)

Alumnado ointe: 5 € (Taller)

Alumnado do Conservatorio Superior de Música de Vigo - Gratuito

Número de Conta: 2080-5075-15-3040031502

O prazo de matrícula é até o xoves 26 de xaneiro. É necesario presentar na secretaría do centro o boletín de inscrición xunto co resgardo bancario que xustifique o abono do curso. O horario de secretaría é de 9:30 a 13:00 horas de luns a venres

Tamén é posible a matriculación enviando por fax tanto a inscrición como o resgardo bancario. O número de fax é: 986481807

Eoghan Neff

"Un violín convulsivo que traza sombras onde poucos violinistas se dignan a aventurar"
(Irish Times)

CONFERENCIA

27 Xaneiro, 10:30h.
Aula 16

CONCERTO

27 Xaneiro, 12:00h.
Sala Orquestra

TALLER

27 Xaneiro, 13:15h.
Sala Orquestra

CONSERVATORIO
SUPERIOR
DE MÚSICA **Vigo**

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

CURSO.....	Nome.....	Apellidos.....	DNI.....
	Enderezo.....	Poboación.....	CP.....
	Teléfono.....	Correo Electrónico.....	
	Nivel de Estudos.....	Centro de Estudios.....	
	Centro de Trabajo.....		
		Signatura	Asinado.....